


A boa lectura distrae, ensina e cura

A literatura galega I



- Movemento
- Autores/as
- Obras
- Acontecementos
- Actividade

Referencias e relación temporais no pasado

- **Aquel** día/mes/ano fixera moitas viaxes
- **Aquela semana/mañá/tarde/noite** xa vos viramos pasear antes
- **Ao día/mes/ano seguinte** sacaramos moitas fotos coas nenas
- **Á semana/mañá/tarde/noite seguinte** xa gastaran todos os cartos
- **O día/mes/ano anterior** coñecéranse no supermercado
- **A mañá/tarde/noite/semana anterior** saíches ata ben tarde

Como expresar coordinación

Copulativas (e, e mais, nin): empréganse para sumar ou engadir información

- María fixera un grao e despois estudou un máster
- Cando chegue fixera a compra e mais prepara a cea
- Non durmiches nin descansaches ben en toda a semana

Adversativas (pero, mais, porén): introducen unha idea que contrasta con outra anterior, restrinxindo ou negando o seu significado

- Celso cáeme ben, pero non o vou invitar á miña festa
- Traballa moito, mais nunca ten un peso
- Estudou Maxisterio, porén nunca o exerceu

Disxuntivas (ou): expresan opcións entre as que se marca unha alternativa

- Imos ao cine ou vemos un filme na casa?

Distributivas (ora... ora, ben... ben): expoñen accións alternativas, pero que non se exclúen

- Ora fala ben das amigas, ora non as quere ver

Explicativas (é dicir, ou sexa, isto é): explican ou aclaran o significado da primeira proposición

- Din que é un forasteiro, ou sexa, que non é de aquí

Indefinidos

| Indefinido | Exemplo |
|--------------------|---------------------------|
| un / uns | <i>uns</i> papeis |
| unha / unhas | <i>unha</i> pomba |
| algún / algúns | <i>algún</i> tipo de viño |
| algunha / algunhas | <i>algunha</i> vez |
| outro / outros | imos ir <i>outro</i> día |
| outra / outras | na <i>outra</i> beira |

Estas formas contraen **con de, en e con**:

| | un | unha | uns | unhas |
|-----|-----|-------|------|--------|
| de | dun | dunha | duns | dunhas |
| en | nun | nunha | nuns | nunhas |
| con | cun | cunha | cuns | cunhas |

| | algún | algunha | algúns | algunhas |
|----|--------|----------|---------|-----------|
| de | dalgún | dalgunha | dalgúns | dalgunhas |
| en | nalgún | nalgunha | nalgúns | nalgunhas |

O copretérito

| 1ª Conxugación | 2ª Conxugación | 3ª Conxugación |
|----------------|----------------|----------------|
| andaba | varría | vivía |
| andabas | varrías | vivías |
| andaba | varría | vivía |
| andabamos | varriamos | viviamos |
| andabades | varriades | viviades |
| andaban | varrían | vivían |

Usos

Accións no pasado que transcurren ao mesmo tempo ca outra acción

- Cando *chegaches*, eles *marchaban*

Acción que se realiza habitualmente

- Antes *facían* deporte todos os días

Accións en futuro

- Hai tempo que me *dixo* que *volvía* na primavera

Expresar cortesía

- Quería *saber* a hora

Ligazóns de interese

- >> Apiario. Formación en escrita creativa
- >> Asociación de escritoras e escritores en lingua galega
- >> Breve historia da literatura galega
- >> Galicia le
- >> Historia da literatura galega
- >> Biblioteca Provincial Deputación da Coruña
- >> Tecedeiras. Escrita creativa



Notas da sesión

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for taking notes during the session.